

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20024 Orde EHA/3479/2011, do 19 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos para efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2012.

A disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, establece que as cifras que, no sucesivo, fixe a Comisión Europea substituirán as que figuran no texto desta lei e que o Ministerio de Economía e Facenda adoptará as medidas pertinentes para asegurar a súa publicidade.

No mesmo sentido, determínase na disposición derradeira terceira da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, que as cifras que a partir deste momento fixe a Comisión Europea, e se publiquen por orde do ministro de Economía e Facenda, respecto dos contratos regulados pola Directiva 2004/17/CE, substituirán as que figuren no texto da dita lei.

Así tamén se establece na disposición adicional segunda da Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade, que sinala que as cifras que a partir deste momento fixe a Comisión Europea para determinar os contratos suxeitos a regulación harmonizada substituirán as que figuren no texto desta lei. O Ministerio de Economía e Facenda adoptará as medidas pertinentes para asegurar a súa publicidade e, en todo caso, publicaranse nos diarios oficiais correspondentes.

A publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea» número L 319, do 2 de decembro de 2011, do Regulamento (UE) número 1251/2011 da Comisión, do 30 de novembro de 2011, polo que se modifican as directivas 2004/17/CE, 2004/18/CE e 2009/81/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, no que concirne aos seus limiares de aplicación en materia de procedementos de adxudicación de contratos, aconsella, sen prexuízo do efecto directo de aplicación de tal regulamento, de conformidade co disposto no artigo 288 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, a promulgación desta orde coa finalidade de permitir o coñecemento xeral dos limiares que, por modificación dos establecidos nas citadas directivas, se deben aplicar a partir do 1 de xaneiro de 2012 respecto dos contratos afectados por elas, evitando de tal forma que se susciten posibles causas de infracción das directivas, especialmente en canto se refire á aplicación de fondos comunitarios para o financiamento dos correspondentes contratos.

Procede, polo tanto, incorporar á lexislación española os límites fixados, a partir do 1 de xaneiro de 2012, pola Comisión Europea e sinalar as cifras que deben figurar nos respectivos preceptos do texto refundido da Lei de contratos do sector público, da Lei sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, así como da Lei de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade.

Na súa virtude, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, dispoño:

Artigo único. *Modificación de limiares para os efectos de aplicación dos procedementos de contratación.*

A partir do 1 de xaneiro de 2012 as cifras que figuran no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro; na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de adxudicación dos contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e na Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da

seguridade, nos artigos que se expresan a seguir, deben ser substituídas polas establecidas no Regulamento (UE) número 1251/2011 da Comisión, do 30 de novembro de 2011, polo que se modifican as directivas 2004/17/CE, 2004/18/CE e 2009/81/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, no que concirne aos seus limiares de aplicación en materia de procedementos de adxudicación de contratos, nos seguintes termos:

1. Respecto do texto refundido da Lei de contratos do sector público:
 - a) A cifra de 4.845.000 euros pola de 5.000.000 de euros, nos artigos 14.1; 17.1.a); 24.1, 141.1.a) e 274.2.
 - b) A cifra de 193.000 euros pola de 200.000 euros, nos artigos 15.1.b); 16.1.b); 17.1.b); 21.1; 37.1; 40.1.b); 137.1 e 154.3.
 - c) A cifra de 125.000 euros pola de 130.000 euros, nos artigos 15.1.a) e 16.1.a).
2. Respecto da Lei 31/2007:
 - a) A cifra de 4.845.000 euros pola de 5.000.000 de euros no artigo 16, letra b).
 - b) A cifra de 387.000 euros pola de 400.000 euros nos artigos 16.a) e 95.1 e 2.
3. Respecto da Lei 24/2011:
 - a) A cifra de 387.000 euros pola de 400.000 euros, no artigo 5, letra a).
 - b) A cifra de 4.845.000 euros pola de 5.000.000 de euros no artigo 5, letra b).

Madrid, 19 de decembro de 2011. A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.